



**INFORME COORDINACIÓN
1º SEMESTRE
GRAO EN BIOLOXÍA**

Curso Académico: 2014-2015

Javier Iglesias Piñeiro

Antonio Martínez Cortizas

María Dolores Andrés González

Francisco Salgado Castro

Antecedentes	p. 5
Introducción	p. 7
Primeiro Curso	p. 7
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 7
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 8
Segundo Curso	p. 12
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 12
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 14
Terceiro Curso	p. 17
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 17
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 18
Cuarto Curso	p. 20
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 20
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 22

Antecedentes

As funcións dos coordinadores de curso, relativas ao curso coordinado (que se establecen no Sistema de Garantía Interna de Calidade -SGIC-), resúmense a continuación:

1. Elaborar a programación das actividades de coordinación. As actividades de coordinación referiranse a distintos aspectos sobre a impartición da docencia que se detallan a continuación. Dita planificación é presentada ante a Comisión de Docencia para a súa aprobación.
2. Revisar e coordinar a elaboración das guías docentes (analizando os contenidos das mesmas antes do periodo de impartición da docencia) en canto a:
 - 2.1. Evitar posibles lagoas ou duplicidades.
 - 2.2. Garantir que o programa teórico e práctico e os demais apartados da guía adaptanse ao plan de estudos vixente.
 - 2.3. Garantir que os sistemas de avaliación adaptanse ao plan de estudos e a normativa vixente.
 - 2.4. Verificar que o sistema de avaliación é adecuado para avaliar a consecución dos obxetivos e competencias indicados.
 - 2.5. Analizar a coherencia en los obxetivos e competencias, contidos, actividades e sistemas de avaliación entre as guías das asignaturas. No caso de que non se verifique a coherencia realizarase un informe para a Comisión de Docencia no que expoñan ditas incoherencias. Asimismo poderanse establecer obxetivos comúns e determinar certas competencias a alcanzar polos estudantes.
3. Coordinar a actividade docente no curso, realizando un seguimento da implantación da programación das materias do curso. Cundo se detecten anomalías no desenvolvemento da programación ou na coordinación (contido e/ou metodoloxía) estableceranse accións para corrixir as desviacións detectadas. Deste seguimento, das posibles desviacións detectadas e das accións establecidas serán informados a Comisión de Docencia e o Responsable de Calidade del Centro.
4. Verificar a aplicación dos sistema de avaliación (criterios de avaliación). Cando se detecten anomalías no cumprimento dos procedementos e criterios de avaliación por parte do profesorado, aínda non existindo reclamacións dos estudantes, o coordinador do curso, informará o profesor sobre a anomalía

detectada e establecerá accións para corrixir as desviacións detectadas. Do mesmo xeito comunicarao ao responsable de calidade da Comisión de Calidade do Centro. Este responsable fará un seguimento da incidencia nas avaliacións seguintes con fin de asegurar que se cumpre coa sistemática de avaliación definida.

5. Garantir a coordinación e, no seu caso, interacción entre as actividades e/ou traballos a realizar polos estudantes encomendados por distintos profesores.

Introdución

No presente informe preséntanse os resumos das reunións mantidas 1) entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso e 2) entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Ditas reunións realizáronse tras o período correspondente ao primeiro semestre do curso. As reunións cos coordinadores, incluíron igualmente aos coordinadores do segundo semestre, por esta razón, en ocasións inclúese algunha información sobre o devandito semestre no presente informe.

Os coordinadores de curso do presente curso son:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Antonio Martínez Cortizas
- 3º curso: Dra. Dña. María Dolores Andrés González
- 4º curso: Dr. D. Francisco Salgado Castro (substitúe ao Dr. D. Jesús Domínguez Conde ao facerse este cargo da coordinación do Máster de Bioloxía Mariña)

Primeiro Curso

REPRESENTANTES DE ALUMNOS

- Día: 3 de febrero de 2015.
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro; Zaira García López (representante grupo A) e José Rodríguez Gago (representante do grupo B)
- Puntos da orde do día:
 1. Cumprimento do programa (contidos e actividades) das diferentes materias.
 2. Cumprimento dos criterios de avaliación.
 3. Solapamentos/redundancias de contidos entre distintas materias (mesmo curso, cursos sucesivos).
 4. Diferenzas entre os 2 grupos da mesma materia
 5. Dúbdidas, recomendacións, queixas, suxestións de calquera tipo.

Os alumnos non indicaron a existencia de ningún problema nin ningunha queixa con respecto aos 3 primeiros puntos.

Con respecto ao 4 punto, os alumnos sinalaron 2 queixas:

- Diferenzas entre os dous grupos no nivel de esixencia nas correccións dos exames da materia Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, na parte correspondente a os contidos de Botánica.
- Diferenzas entre os dous grupos de Matemáticas con respecto á exposición dos contidos; parece ser que no grupo A impartiron docencia un maior número de docentes que no grupo B e que existiu unha certa descoordinación entre os do grupo A, á hora de impartir os contidos (repetición de contidos por parte de distintos profesores).

Ambas queixas foron postas en coñecemento dos coordinadores de ambas materias (e tamén dalgúns profesores das mesmas).

Con respecto ao punto 5, as principais queixas dos alumnos fan referencia o horario, que consideran demasiado denso, e a que os profesores respecten os 5 minutos ao comezo e final de cada clase.

Finalmente, sinalar que os estudantes suxeriron que naquelas materias nas que existen exames parciais ou controis que liberan materia no exame final, as guías docentes deberían especificar se existe a posibilidade, e en que condicións, de que os estudantes que teñan liberado materia poidan presentarse ao exame final co ánimo de subir a nota.

COORDINADORES DE MATERIAS

- Día: 5 de marzo de 2015.
- Asistentes:
 - Rodrigo López Puoso (profesor de Matemáticas para Bioloxía)
 - Diego Martínez Hernández (profesor de Biofísica)
 - Luis Alberto García Suárez (coordinador de Química para Bioloxía)
 - Teresa Barral Silva (coordinadora de Xeoloxía)
 - Jesús Lamas Fernández (coordinador de Bioloxía da Célula)
 - Javier Iglesias Piñeiro (coordinador de primeiro curso e de Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal)
 - Carmen Carollo Limeres (coordinadora de Bioestadística)
 - Miguel A. Rodríguez Díaz (coordinador de Bioloxía dos Tecidos e Órganos)
 - Óscar Cordero Santamaría (coordinador de Técnicas Básicas)

- Puntos da orde do día:

- 1.- Breve informe sobre a percepción dos alumnos sobre docencia do grao (1º curso).
2. Identificación de posibles solapamentos/redundancias de contidos, e medidas introducidas para resolvelos.
3. Identificación de carencias/lagoas nos contidos do grao, que poidan dificultar a aprendizaxe dos alumnos.
4. Distribución das actividades docentes das materias (clase maxistras, seminarios, prácticas e titorías).
5. Necesidade de adaptación das competencias do grao e das materias.

1.- Breve informe sobre a percepción dos alumnos sobre a docencia do grao (1º curso).

O coordinador de primeiro curso informa aos presentes de que o pasado 3 de febreiro se reuniu cos alumnos-representantes dos dous grupos de primeiro curso. Non lle transmitiron a existencia de ningunha queixa nin problema con respecto ao cumprimento do programa das materias (contidos e actividades docentes), nin con respecto ao cumprimento dos criterios de avaliación que figuran nas guías docentes, nin con respecto á existencia de solapamentos ou redundancias de contidos entre diferentes materias; as principais queixas dos alumnos-representantes de primeiro curso fan referencia ao horario, que consideran demasiado denso, e a que os profesores respecten os 5 minutos libres ao comezo e final de cada clase; finalmente, os alumnos-representantes de primeiro curso suxiren que naquelas materias nas que existen exames parciais ou controis que liberan materia de cara ao exame final, as guías docentes deberían especificar se existe a posibilidade, e en que condicións, de que os estudantes que liberasen materia poidan presentarse ao exame final con toda a materia co ánimo de subir a súa nota.

2. Identificación de posibles solapamentos/redundancias de contidos, e medidas introducidas para resolvelos.

No primeiro curso do grao en Bioloxía non se detectou ningún tipo de solapamentos ou redundancias de contidos, e ningún profesor do primeiro curso foi convocado ás reunións de coordinación de contidos celebradas o pasado curso 2013-2014.

3. Identificación de carencias/lagoas nos contidos do grao, que poidan dificultar a aprendizaxe dos alumnos.

O coordinador de primeiro curso informa os presentes de que nas reunións de

coordinación de contidos mantidas o pasado curso 2013-2014, moitos dos profesores asistentes sinalaron a falta de formación dos estudantes en aspectos que se esixen ao longo do grao, como a procura, selección e citado de bibliografía en traballos académicos, ou coñecementos básicos sobre manexo de follas de cálculo para a realización de cálculos numéricos e representacións gráficas sinxelas.

Tras varias intervencións, os presentes coinciden en sinalar que para toda competencia que se lles esixa aos estudantes ao longo do grao e da cal carezan, deberían implementarse mecanismos orientados a adquisición e desenvolvemento por parte dos alumnos/as. Con respecto á competencia relacionada coa bibliografía, os presentes consideran que dita competencia teñen que ir adquiríndoa e traballándoa pouco a pouco ao longo do grao, e que onde deben demostrar que a dominan é no TFG, pero que non se lles pode esixir aos estudantes desde o primeiro curso que dominen dita competencia; neste sentido, os profesores asistentes consideran moi positivas as iniciativas do Centro, como a desenvolvida recentemente, consistente na organización dun curso monográfico de xestión de bibliografía para os estudantes que están a realizar o seu TFG. Consideran tamén que, para outros contidos como o manexo básico de follas de cálculo, poderían tomarse iniciativas similares.

4. Distribución das actividades docentes das materias (clase maxistras, seminarios, prácticas e titorías).

Con respecto a este punto, o coordinador de primeiro curso informa os presentes de que se desexan solicitar algún cambio na distribución das diferentes actividades docentes das súas materias, o momento de solicitalo é o período no que os Centros cubren o PDA, prazo que para o curso 2015-2016 termina o 17 de marzo.

Neste punto, o profesor Óscar Cordero sinala que sería moi positivo que a docencia da materia Técnicas Básicas, polas súas características, se puidese concentrar nalgún período do curso académico no cal os estudantes de primeiro curso tivesen exclusivamente docencia de Técnicas Básicas, de forma análoga ao que se fai co período de Prácticas Externas en 4º curso.

Tamén neste punto, e tras varias intervencións, os profesores asistentes coinciden en sinalar que os Centros deberían ter máis autonomía á hora de establecer o seu calendario de exames oficiais, facendo referencia especialmente aos exames finais ordinarios do primeiro semestre, que se celebran inmediatamente á volta do período de vacacións de nadal, e que poderían celebrarse total ou parcialmente no mes de decembro.

5. Necesidades de adaptación das competencias do grao e das materias.

O coordinador de primeiro curso informa os presentes de que no ano 2012 realizouse, entre os responsables de todas as materias do grao, unha enquisa na que se pediu aos profesores que valorasen de 1 a 10 o grao de adecuación da súa materia ás competencias específicas e transversais que dita materia ten asignadas na Memoria do Título. Para actualizar e clarificar a información dispoñible neste sentido, agora pídeselles que respondan a unha nova enquisa na que simplemente deben relacionar as competencias específicas da súa materia, e as transversais, especificando para cada unha destas últimas se a competencia adquirese ou simplemente desenvólvese ou se traballa na materia, e o instrumento utilizado para a adquisición ou para o desenvolvemento da competencia. Indícaselles aos profesores presentes que poden utilizar as competencias que figuran actualmente na Memoria do Título, e/ou as que figuran no Libro Branco do Grao en Bioloxía.

Segundo Curso

REPRESENTANTES DE ALUMNOS

O Profesor Martínez Cortizas presenta os resultados das enquisas que fixeron os representantes de segundo curso (Natalia Fernández González, do grupo A, e Anxo Pousada González, do grupo B) aos seus compañeiros, cuxos resultados se expoñen a continuación.

Grupo A.

- 1º O temario impartido durante o curso axustase aos programas establecidos?
- a) Sí, correspóndese co exposto no programa da materia..... 8
 - b) Non, non se completou, pero os coñecementos impartidos foron suficientes..... 23
 - c) Non, o temario impartido foi insuficiente, chegando a intervir no correcto desenvolvemento de outras materias..... 0
- 2º O nivel e profundidade/extensión dos coñecementos impartidos foi o adecuado en función do tempo disposto para a asignatura?
- a) Sí, axustouse ao esperado..... 6
 - b) A extensión do temario non permitiu profundizar en seccións fundamentais..... 18
 - c) Profundizouse excesivamente en certos aspectos impedindo tratar todo o programa. 8
- 3º O nivel esixido para avaliar foi acorde ao temario?
- a) Sí, axustouse ao esperado..... 27
 - b) Non, foi excesivo/insuficiente..... 0
 - c) Depende da materia..... 7
- 4º O material interactivo e bibliografía recomendados polo profesorado foi útil para a preparación das asignaturas?
- a) Sí, resultou completa e permitíume resolver as dudas..... 17
 - b) Sí, pero únicamente para establecer os coñecementos máis básicos..... 12
 - c) Foi insuficiente e incompleta..... 2
- 5º As titorías, prácticas de laboratorio e seminarios pareceronche útiles?
- a) Sí..... 23
 - b) Non forón suficientes..... 1
 - c) Non, consideroas una perda de tempo..... 7
- 6º Consideras que os parciais resultaron efectivos para a avaliación da materia?
- a) Si..... 35
 - b) Non..... 0

Críticas e suxerencias.

Alguns alumnos (4) pensan que se deberían subir as diapositivas ó campus virtual antes de dar o tema, para poder utilizalas nas clases.

Grupo B:

1º O nivel e profundidade/extensión dos coñecementos impartidos é o adecuado en función do tempo disposto para a asignatura?

- d) Sí, axústase ao esperado..... 2
- e) A extensión do temario non permitirá profundizar en seccións fundamentais..... 35
- f) Profundizase excesivamente en certos aspectos impedindo tratar todo o programa... 5

2º O material interactivo e bibliografía recomendados polo profesorado pareceche útil para a preparación das asignaturas?

- d) Sí, considérola completa e permíteme resolver as dudas..... 24
- e) Sí, pero únicamente para establecer os coñecementos máis básicos..... 7
- f) Pareceche insuficiente e incompleta..... 3

3º As titorías, prácticas de laboratorio e seminarios realizadas ata o momento parecenche útiles?

- d) Sí..... 27
- e) Non, consideroas una perda de tempo..... 10

Críticas e suxerencias.

- Eu creo que as prácticas son moi útiles, pero os seminarios poderían facerse nas horas de clase. E, no caso das titorías, hai algunhas que me parecen inútiles.
- Bioquímica 2: o Profesor explica moi rápido, debería deterse máis nos aspectos máis relevantes.
- Botánica 2: Debería concretar máis nas explicacións, e ensinar de forma máis ordenada, seguindo un esquema.
- Bioxeoquímica: Debería ir máis despacio nos temas máis relevantes e complicadas. Tamén me gustaría que subise os apuntes antes de impartir o temario.
- Zooloxía 2: Debería ir un pouco máis rápido, se non pode que non nos de tempo a dar todo o temario.

Finalmente preséntase un resumo da reunión mantida cos representantes de alumnos no que se recollen as impresións dos alumnos:

- Ritmo das clases: desigual entre materias (unhas moi rápido [Botánica II, Bioquímica II, Bioxeoquímica] e outras excesivamente lento [Zooloxía II]); ademais, nalgunhas a materia impártese dunha maneira que é percibida como pouco organizada (Botánica II). Con respecto á dinámica das clases, as suxestións céntranse fundamentalmente en que se impartan os contidos dunha maneira ordenada e cunha velocidade adecuada que permita, por unha banda, impartir o programa da materia e, por outra, afondar nos aspectos máis relevantes e complicados.

Os alumnos piden que se respecte a duración de 50 minutos expositivos e os 10 minutos de descanso entre clases.

- Material docente: piden que os profesores poñan a disposición, polo menos, un guión das clases de teoría na aula virtual. O material empregado nas prácticas dalgunhas materias está moi deteriorado (Zooloxía II, Bioloxía do Desenvolvemento).

- Titorías e seminarios: actividades moi diversas; ás veces empregadas para horas de campo (Botánica II) e nalgún caso non se imparten nalgún dos grupos dunha materia

(Zooloxía II, grupo A).

- Corrección e revisión de exames: piden que o tempo para revisión permita, a todos os alumnos que estean interesados, independentemente da cualificación obtida, poder ver o exame; segundo eles, déronse casos (Bioquímica I) en que non todos os alumnos tiveron a oportunidade de revisar o seu exame. Igualmente, preocúpalles que haxa grandes diferenzas no número de alumnos que superan os exames en cada grupo.

- Carencias e excesos: os alumnos consideran que nalgúns materias, como Bioquímica I e II - Xenética I e II, non adquiren coñecementos suficientes na primeira delas para desenvolver a segunda sen dificultades. Excepcionalmente, o temario dalgunha das materias é visto como excesivo (Zooloxía I).

COORDINADORES DE MATERIAS

- Día: 19 de marzo de 2015.
- Asistentes:
 - Regina Carballal
 - Santiago Ortíz
 - José Carlos Otero
 - Carlos García
 - Ana Viñas
 - Montserrat Nogueira (Pilar Arias en representación)
 - Jaime Gómez Márquez

Aspectos tratados

1. Breve informe dos comentarios que nos fixeron chegar os alumnos representantes de grupo.

O coordinador de segundo curso expón aos profesores presentes as principais preocupacións dos alumnos (recollidas no apartado anterior). A continuación preséntase un resumo das achegas e comentarios dos profesores respecto dos distintos aspectos tratados:

- Ritmo das clases: É este un aspecto no que os profesores se mostran receptivos, pero que non ten unha solución fácil. Os alumnos deberían comentar estes aspectos directamente cos profesores implicados. Doutra banda, os profesores tamén consideran que os alumnos han de facer un esforzo por seguir o ritmo das clases que

se imparten na universidade.

- Material docente: Neste aspecto houbo opinións diversas, que responden á experiencia individual de cada un dos profesores:

a. Nalgún caso o/a profesor/a non se mostra de acordo en facilitar aos alumnos información por medio da aula virtual. As razóns van desde aspectos ligados á propiedade legal do material (copyright) ou a que os alumnos consideren ese material como a referencia única para adquirir os coñecementos da materia en detrimento do uso da bibliografía recomendada.

b. Na maior parte dos casos, con todo, o profesorado pon a disposición dos alumnos material de apoio suficiente.

c. Os profesores tamén advirten de malos usos na aula que, aínda que poidan afectar a unha minoría, prexudican a marcha da clase: uso do whatsapp, toma de fotografías de contidos visuais das clases, comer na aula, etc.

- Titorías e seminarios: En xeral, os profesores din facer un gran esforzo para ofrecer aos alumnos contidos/actividades que se axusten aos seminarios e titorías; aínda que se recoñece que as solucións son moi diversas e, en casos illados, poderían non cumprirse.

- Corrección e revisión de exames: É esta unha situación coñecida pero que parece carecer dunha solución sinxela. Os profesores temos un horario oficial de atención á revisión de exames e nas materias con máis alumnos isto pode implicar que algún alumno non puidese facer uso do seu dereito no horario correspondente. Aínda así, os profesores adoitan actuar de forma non restritiva e ampliar o horario para que os alumnos teñan a opción de facelo. A percepción é que esta situación só pode afectar a unha minoría.

En relación ás diferenzas de cualificacións entre grupos, todos os profesores asumen que avalían as probas dos alumnos de forma responsable; aínda que iso pode implicar, eventualmente, diferenzas de criterio. Quizais sería conveniente que o coordinador de cada materia tratase este tema nunha reunión con todos os profesores implicados na mesma.

2. Identificación de posibles solapamentos de contidos entre materias: informouse brevemente aos profesores do dobre procedemento seguido para detectar potenciais solapamentos (revisión dos temarios por parte dos coordinadores de cada curso do grao e percepción dos alumnos, mediante os informes dos representantes de grupo). Tamén se informou sobre as reunións xa mantidas con coordinadores de materias potencialmente afectadas e das solucións que se propuxeron.

Sen comentarios adicionais.

3. Carencias e excesos: A cuestión do posible desequilibrio entre as materias desdobradas nos dous cuatrimestres (Bioquímica I e II, Xenética I e II) é afrontado de maneira distinta polos profesores:

- a. Os profesores que imparten a parte I consideran que os coñecementos son suficientes e cren que os alumnos deberían facer un maior esforzo de aprendizaxe.
- b. Os profesores da parte II admiten que os alumnos teñen dificultades para seguir os contidos que imparten.

Parece recomendable suxerir que os coordinadores das materias implicadas propicien o intercambio de opinións entre os profesores, de tal maneira que poida atoparse un equilibrio entre o lóxico esforzo que han de facer os alumnos e o grao de dificultade dos obxectivos expostos para cada unha das materias.

4. Distribución das actividades docentes: posibilidade de cambiar o reparto de horas de seminarios, prácticas e titorías, e diminución da presencialidad.

Houbo interese por este aspecto, pero non se concluíu nada reseñable.

5. Adaptación das competencias: necesidade de revisar as competencias das materias, moi en particular as transversais, e adaptalas á realidade da docencia que se está impartindo. Expúxose tamén a cuestión sobre a adquisición/desenvolvo das competencias: en que materias os alumnos adquiren unha competencia e en cales a desenvolven.

Do mesmo xeito que o punto anterior, este tema resultou de interese para os profesores asistentes á reunión pero non deu lugar a unha reflexión concreta, máis aló de admitir que é posible que as competencias non se axusten á realidade da docencia que se imparte.

De maneira xeral, os profesores ven necesario que os alumnos se impliquen dunha maneira máis participativa no desenvolvemento da docencia. Os alumnos han de asumir que a docencia está dirixida á súa formación e que ese obxectivo non pode alcanzarse sen a súa participación en todas e cada unha das actividades docentes. É imprescindible que ademais de ter en conta os seus dereitos, os alumnos sexan conscientes das súas obrigas. Por iso, parece oportuno continuar coa iniciativa levada a cabo en anos anteriores de manter na aula virtual (e facerllo saber aos alumnos) unha sección na que poidan consultar a normativa que é de aplicación (tanto en relación aos dereitos como aos deberes).

Terceiro Curso

REPRESENTANTES DE ALUMNOS

- Día: 2 de decembro de 2015.
- Asistentes: María Dolores Andrés González; Álvaro Arana Díaz (representante grupo A) e Alba Vázquez Barca (representante do grupo B)

Na reunión, ademais de facer un pequeno repaso da marcha do curso, a coordinadora solicita aos representantes de alumnos un informe sobre as materias impartidas no primeiro cuadrimestre no que, tras reunirse cos seus compañeiros, manifestasen os posibles problemas así como os elementos positivos da docencia das distintas materias. Este informe presentaríase unha vez finalizado o período da docencia.

Os informes presentados polos alumnos non mencionan problemas graves, só inclúen observacións que permitirían mellorar algúns aspectos da docencia. A continuación preséntase un resumo do contido dos mencionados informes.

O informe do grupo A, moito máis conciso que o do B, pon de manifesto o cumprimento de todas as actividades das distintas materias (clases expositivas, interactivas, seminarios e titorías) así como dos criterios de avaliación. Como observacións os alumnos indican:

- O material didáctico achegado polos profesores (Fisioloxía Animal, Fisioloxía Vexetal, Microbioloxía, Ecoloxía) é de gran axuda para o estudo das distintas materias.
- Os seminarios (Fisioloxía Animal, Fisioloxía Vexetal, Xenética Evolutiva) axudan ao reforzo e ampliación dos coñecementos. No caso dos centrados na resolución de problemas indican a conveniencia de colgar o material na aula virtual antes da realización do mesmo.
- A realización de test axudan ao reforzo e a levar ao día a materia.

O informe do grupo B resúmese a continuación:

- A información sobre a guía docente e os programas das materias é facilmente alcanzable e é explicada polos docentes o día da presentación. Ademais o grao de cumprimento é total.
- A carga de traballo está bastante equilibrada en todas as materias.
- O material didáctico que esta á disposición dos alumnos na aula virtual facilítalles a aprendizaxe. As prácticas de campo de Ecoloxía I parécenlle moi interesantes.
- Solicitan que o cambio de grupo de seminario sexa máis sinxelo para poder organizar mellor o seu tempo como sucede en Fisioloxía Vexetal I, Xenética Evolutiva e Ecoloxía I.

- Que o tempo para a realización dos exames sexa suficiente.
- Que a avaliación das prácticas sexa similar nos distintos grupos de prácticas. En Microbioloxía I os alumnos pensan que existiron diferenzas que eles consideran importantes.
- Que se mellore a información e orientación que se dá aos alumnos sobre os traballos fin de grao. Proponen que se realicen charlas ou reunións sobre este tema.

COORDINADORES DE MATERIAS

- Día: 5 de marzo de 2015.
- Asistentes:
 - Javier Sampedro (Fisioloxía Vexetal I)
 - M^a Victoria González (Fisioloxía Vexetal II)
 - Ana Otero (Microbioloxía I)
 - Alicia Estévez (Microbioloxía II)
 - Margarita Basanta (Ecoloxía II)
 - Gonzalo Álvarez (Xenética Evolutiva)
 - María Dolores Andrés (Fisioloxía Animal y Fisioloxía Animal Comparada).
 Dispensaron su asistencia los profesores José Luis Blázquez (Antropoloxía Biolóxica) y Alejo Carballeira (Ecoloxía I).
- Puntos da orde do día:
 1. Breve informe sobre a percepción do alumnado respecto da docencia do curso.
 2. Identificación de posibles solapamentos e medidas introducidas para resolvelos.
 3. Identificación de posibles carencias/excesos de contidos do grao que poidan dificultar a aprendizaxe do alumnado.
 4. Distribución das actividades docentes das materias (clases expositivas, interactivas, titorías).
 5. Necesidade de adaptación das competencias das materias e do grao.
 6. Calquera outro tema que sexa do interese dos asistentes.

Na reunión informouse aos coordinadores das opinións dos alumnos (recollidas no resumo presentado no punto anterior). Debateuse sobre o tema dos posibles solapamentos que, para algúns profesores, non parece un problema real senón unha apreciación dos alumnos. Tamén se comentou a conveniencia de falar entre os profesores e os alumnos representantes para identificar as posibles carencias/excesos en cada materia.

En canto á distribución do número de horas, en varias materias comentouse que, se fose posible, poderíanse redistribuir algunhas das horas (por exemplo, pasando de seminarios a expositivas, etc.).

No tema das competencias pasouse aos coordinadores unha enquisa co fin de identificar a situación real en canto ao tratamento tanto das competencias específicas como das transversais. Enviáselles tamén a información sobre competencias do Libro Branco do Grao en Bioloxía e da Memoria do Grao en Bioloxía da USC.

Tanto con representantes de alumnos como con coordinadores de materias, quedouse en facer os informes pertinentes para as materias do 2º cuatrimestre.

Cuarto Curso

REPRESENTANTES DE ALUMNOS

- Día: 13 de febreiro de 2015.
- Asistentes: Francisco Salgado Castro; Xosé Moure y María Fernández Bertólez.

Os representantes dos alumnos emiten un informe sobre a docencia do primeiro cuatrimestre e ademáis manteñen unha reunión co coordinador na que se afonda sobre todo en cuestións relativas a:

- 1) Impartición de titorías nas diferentes materias do primeiro semestre do Grao e o contido das mesmas;
- 2) Solapamentos das materias do primeiro semestre do Grao con outras materias de cuarto ou de cursos anteriores;
- 3) Outros comentarios que puidesen facer de cada materia.

A continuación preséntase un resumo sobre as opinións dos alumnos tendo en conta tanto o informe como o manifestado durante a reunión.

1.- **Titorías:** Segundo o sinalado polos alumnos, na maioría das materias as titorías non se impartiron. Impartíronse, tal e como se sinala na guía docente, en Ecoloxía III.

2.- **Solapamentos:** Os alumnos non detectan problemas neste sentido. Nalgún caso concreto si detectan algún grao de solapamento, pero mesmo o consideran necesario e non excesivo. Si se detectaron repeticións nas prácticas entre materias impartidas polo mesmo Departamento.

3.- **Outros comentarios**

a. **Comentarios positivos:** No caso dalgunhas materias concretas os alumnos mostran un alto grao de satisfacción con toda ou algunha das partes. Ecoloxía III e Fitopatoloxía (a materia en xeral), Biodiversidade Vexetal (prácticas de laboratorio e seminarios), Edafoloxía (prácticas de campo) e Viroloxía (clases prácticas). Ademais **os alumnos queren recoñecer e agradecer o esforzo daqueles profesores que cambiaron as datas dos exames.**

b. **Desorganización en materias compartidas por varios profesores.** En ocasións provocada pola enfermidade dalgún dos profesores (Microbioloxía Clínica) e outras veces por motivos de incompatibilidade de horarios

c. **Contidos excesivos** para o número de créditos que teñen algunhas materias de grao (Bioloxía Molecular) e elevado grao de profundización. Os alumnos

pensan que os temarios demasiado extensos impartidos con rapidez non facilitan a aprendizaxe e que se debería de mellorar a planificación. Tamén indican que as diapositivas nalgúnhas materias conteñen demasiada información e isto dificulta a súa comprensión..

d. Prácticas de campo realizadas con demasiada prisa (segundo os alumnos), ás veces por motivos meteorolóxicos. Os alumnos solicitan dispor de máis tempo ou reducir/simplificar as prácticas de modo que lles resulten máis útiles.

e. Exámes:

- i. Exames moi longos respecto do sinalado na guía docente (Bioloxía Molecular).
- ii. Cambios nos criterios de corrección en relación aos sinalados nas guías docentes.
- iii. Diferenzas nos exames de datas oficiais e non oficiais, e cambios no tipo de exame en relación ao que indica a guía docente. Piden que se cumpran os criterios de avaliación en canto ao tipo de exame e que se manteñan duns exames a outros.
- iv Datas alternativas de exames por solapamento ou proximidade cos exames doutras materias.
- v. Ambigüidade nos enunciados dalgúnhas preguntas nos exames de tipo test.

f. Evaluación: Cambios nos criterios de avaliación en relación aos sinalados nas guías docentes, aínda que nalgún caso foron debidamente comunicados. Os alumnos solicitan que se procuren manter os criterios publicados na guía.

g. Comentarios que se repiten respecto dos do informe do curso 2013-14.

- i. As materias de cuarto obrigatorias deberían ser optativas.
- ii. Que, se é posible, os profesores deixen o material docente na aula virtual antes de dar a clase para que os alumnos poidan realizar anotacións nel.
- iii. Tamaño das aulas en relación ao número de alumnos que cursan unha materia. Os alumnos pensan que algunhas materias optativas cun elevado número de alumnos están a impartirse en aulas moi pequenas.
- iv. Aumentar o número de créditos do traballo Fin de Grao e máis tempo para realizalo.
- v. Que se respecten os horarios de saída e entrada de clases, e sobre todo os de prácticas, pois hai algunhas que se prolongan excesivamente.
- vi. Inglés como material adicional.

COORDINADORES DE MATERIAS

- Día: 6 de marzo de 2015.
- Asistentes:
 - José Carlos Rubén Retuerto (Ecoloxía III)
 - Primitivo Barja Francisco (Bioloxía Molecular)
 - María Isabel Fraga Vila (Biodiversidade Vexetal)
 - María Ángeles Muñoz Crego (Microbioloxía Clínica)
 - M^a del Pilar Arias Crespo (Inmunoloxía)
 - Rosa María Calvo de Anta (Edafoloxía)
 - Antonio Luís Segura Iglesias (Fitopatoloxía)
 - Manuel Alejo Aldegunde Villar (Neurobioloxía)
 - María Esperanza Paniagua Crespo (Parasitoloxía)
 - María Isabel Bandín Matos (Viroloxía)
 - Luís Javier Rodríguez (Evolución Humana)
 - Jesús Domínguez Conde (Biodiversidade Animal e Conservación)
 - Francisco Javier Salgado Castro (Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular)
 - Guillermo Covelo Artos (Enxeñaría Xenética).
 - No asitiron Carlos Amiama Ares (Redacción e Execución de Proxectos; Lugo), Laura Sánchez (Xenética Humana; Lugo), Javier Ángel Sitian Rivera (Xeobotánica), José Carlos Otero González (Zooxeografía) e María Ángeles López Rodríguez (Biotecnoloxía Vexetal).
- Puntos da orde do día:
 1. Informe xeral sobre a PERCEPCIÓN dos alumnos da docencia en cuarto de grao.
 2. Identificación de posibles SOLAPAMENTOS entre materias do grao e medidas introducidas en cursos anteriores para resolvelos.
 3. Identificación de CARENCIAS e EXCESOS nos contidos do grao que poidan dificultar a aprendizaxe dos alumnos
 4. DISTRIBUCIÓN das actividades docentes das materias (clases maxistras, seminarios, prácticas e titorías)
 5. Necesidades de adaptación das COMPETENCIAS do grao

1. PRIMEIRO PUNTO. Informe xeral sobre a PERCEPCIÓN dos alumnos da docencia en cuarto de grao.

O coordinador, profesor Francisco Salgado Castro, informa da reunión mantida cos representantes de alumnos e informa aos profesores presentes dos comentarios e opinións manifestados polos alumnos e recollidos no apartado anterior. A continuación preséntase un resumo das apreciacións dos profesores aos comentarios dos alumnos.

a.- A posibilidade de deixar o material docente antes de dar a clase xerou discusión por varias razóns. A primeira é que os profesores consideran que esta decisión debe de ser persoal. Ademais saíu tamén a cuestión do copyright e ata que punto o profesorado pode deixar, na aula virtual, material docente que inclúe fotografías de libros, artigos ou páxinas web sen correr o risco de ter unha denuncia. Algúns profesores indican a presenza de apuntamentos en páxinas especializadas (ex., "patata brava"), e mesmo a posibilidade de que algúns alumnos poidan estar a facer "negocio" cos apuntamentos.

Para tentar evitar esas cuestións algúns profesores empezado a tomar certas medidas como: deixar soamente material en branco e negro, en formato pdf de baixa calidade, sen ningún tipo de fotografía ou gráfico que non fosen propios, deixar só as ligazóns a fotografías e gráficas. Recoméndase eliminar o nome dos profesores das presentacións e documentos que se deixen colgadas na aula virtual. O profesor José Carlos Rubén Retuerto propón que se implemente a posibilidade de que os profesores poidan bloquear a descarga do material docente desde a aula virtual, e que só permita a lectura, pero non a descarga. En calquera caso, é un tema que preocupa moito ao profesorado.

b.- Inglés como materia adicional. O Decano, Antonio Segura, indica que a xestión, dende o Decanato, xa está feita.

c.- En relación ao tema das diferenzas nos exames entre datas oficiais e non oficiais, e ao cambios no tipo de exame en relación ao que indica a guía docente, os profesores fixeron varios comentarios. Por unha banda é difícil facer dous exames co mesmo grao de dificultade e, por outro, aínda que aos profesores parécelles razoable que o tipo de exame se mantéña entre as dúas datas (oficial e alternativa), a dificultade dependerá do criterio do profesor.

Os profesores asistentes á reunión tamén manifestaron a súa preocupación ante algúns aspectos da docencia:

a.- Saturación nos grupos de prácticas: respecto desta cuestión coméntase que se pode solicitar, na modificación do PDA, a creación de "grupos de centro" así como reducir a obrigatoriedade dalgunhas das actividades.

En ocasións a saturación dos grupos de prácticas débese a problemas de desaxustes e solapamento de actividades (prácticas de laboratorio, de campo e seminarios) entre distintos grupos de distintas materias. Parece necesaria unha mellor coordinación entre as distintas actividades.

Os docentes poñen de manifesto o pouco tempo que hai nun semestre para encaixar todas as actividades a realizar. Indícase tamén a posibilidade de utilizar os venres para desenvolver actividades docentes (como prácticas) a pesar de que os alumnos sexan remisos a iso.

O coordinador sinala tamén o feito de que os alumnos teñan a posibilidade de anular a matrícula dunha materia unha vez empezada a docencia. Isto unido a un período de matrícula dilatado complican a organización das distintas actividades docentes (grupos de prácticas, grupos de seminarios, grupos de traballos colectivos, etc) ao principio do semestre.

b.- Interacción alumno-profesor: o profesor Jesús Domínguez Conde destaca que para él un dos problemas máis importantes é a baixa participación dos alumnos na aula, parece que non teñen dúbidas e isto non só sucede nas clases teóricas senón tamén nas interactivas (seminarios) e mesmo nas titorías. A profesora María Isabel Bandín indica que en Viroloxía a interacción cos alumnos non é mala.

2. SEGUNDO PUNTO. Identificación dos posibles SOLAPAMENTOS con outras materias do grao e medidas introducidas en cursos anteriores para resolvelos.

Preguntados os profesores sobre este segundo punto da orde do día hai que dicir que, en xeral, non se advirten solapamentos entre as materias de cuarto. Ademais, hai profesores que ven positivo o feito de que haxa un certo grao de solapamentos entre as materias, pois serve para reforzar os coñecementos sobre un determinado tema e permite aos alumnos apreciar visións diferentes dos distintos campos sobre unha cuestión concreta. Tamén se sinala que podería haber algún problema entre materias de cuarto con cursos anteriores, e que sería conveniente revisar os contidos das guías docentes de cada materia. Durante o debate mantido chegaron a tratarse os posibles solapamentos entre materias concretas como Bioloxía Molecular e Xenética (cuestión que xa fora tratada previamente entre os coordinadores das materias) e Neurobioloxía e Bioquímica Clínica. Os coordinadores das materias quedaron en reunirse para tentar solucionar os posibles solapamentos.

3. TERCEIRO PUNTO. Identificación de CARENCIAS e EXCESOS nos contidos do grao que poidan dificultar a aprendizaxe dos alumnos

En xeral, os profesores detectan algún exceso, por exemplo no caso do programa de

Bioloxía Molecular que non se chega a impartir completo, tal como indicou o coordinador da materia. Os profesores non advirten carencias importantes e indican que as dificultades dos alumnos moitas veces están relacionadas con que non lle dedican o tempo de estudo necesario e que rápidamente se esquecen do estudado, de modo que cando abordan novas materias fáltanlles coñecementos. Mesmo nalgúns casos os alumnos din non saber algunhas cuestións para que o profesor avance menos coa materia nova e resúltelles máis fácil.

Os profesores Jesús Domínguez Conde e Primitivo Barja poñen de manifesto que sería adecuado coñecer a opinión dos alumnos sobre as posibles carencias en coñecementos. Outra das cuestións abordadas é a presenza de alumnado que se matricula en optativas sen superar previamente as materias troncais relacionadas con elas debido á que non hai "materias chave" no Grao en Bioloxía.

Finalmente insístese en que o que realmente hai é carencia de tempo por semestre. As actividades están demasiado comprimidas e a distancia entre as distintas datas dos exames é demasiado pequena, e isto non favorece a aprendizaxe dos alumnos, especialmente das últimas materias en ser avaliadas.

4. CUARTO PUNTO. DISTRIBUCIÓN das actividades docentes das materias (clases maxistras, seminarios, prácticas e titorías)

O coordinador comenta a posibilidade de cambiar a distribución das actividades docentes nas distintas materias, especialmente en relación ás titorías que parece que non se están impartindo na maioría das materias. Debátese a posibilidade de solicitar no PDA o cambio de horas de titorías por horas doutro tipo de actividades como seminarios ou prácticas de modo que se axuste o máximo posible ao que se fai en realidade. Varios profesores mostraron o seu interese neste tema.

En relación á materia de Biodiversidade Vexetal, a coordinadora María Isabel Fraga pregunta como se consideran as horas nas prácticas de campo, se no tempo da actividade débese incluír ou non o tempo de desprazamento até a zona de traballo. Esta profesora suxire que en Biodiversidade Vexetal se pase 1 hora de titoría a prácticas de campo cando se modifique o PDA. Tamén expresaron o interese en facer este tipo de modificacións os coordinadores de Ecoloxía III (pasar 4 horas de prácticas de campo a seminarios) e Bioquímica Clínica (cambiar 2 horas de titorías por seminarios). De todos os xeitos, dadas as dúbidas expresadas por algúns profesores o Decano quedou en cerciorarse se é factible solicitar este tipo de modificacións no PDA.

Á marxe destas cuestións relativas ao cuarto punto, comentáronse tamén outros

problemas como que, en ocasións, non se cumpren os horarios de prácticas e isto fai que os alumnos saian tarde dunha actividade e cheguen tarde á seguinte (por exemplo as prácticas de Enxeñaría Xenética). Tamén se indicou a posibilidade de facer as prácticas en horarios de 2-4 para evitar este tipo de problemas. Finalmente, solicitouse que se roten as horas do luns entre as distintas materias para evitar que sistematicamente os mesmos profesores teñan clase á primeira hora da mañá.

5. QUINTO PUNTO. Necesidades de adaptación das COMPETENCIAS do grao

O coordinador de cuarto curso informa aos profesores que segundo as fichas previas practicamente todas as competencias específicas e transversais están a ser traballadas. Con todo para clarificar e actualizar a información parece adecuado que os coordinadores de cada materia respondan unha enquisa cuxos resultados permítannos coñecer as competencias específicas que se están realmente traballando, e en relación ás transversais, cales se desenvolven por primeira vez na materia, cales se traballan e, sobre todo, qué tipo de instrumentos, metodoloxías de ensino, etc., utilizan os docentes para desenvolverlas ou traballalas.



INFORME COORDINACIÓN 2º SEMESTRE GRADO EN BIOLOGÍA

Curso Académico: 2014-2015

Javier Iglesias Piñeiro

Antonio Martínez Cortizas

María Dolores Andrés González

Francisco Salgado Castro

Introducción	p. 5
Primer Curso	p. 5
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 5
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 6
Segundo Curso	p. 9
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 9
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 10
Tercer Curso	p. 11
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 11
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 11
Cuarto Curso	p. 13
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 13
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 17
<i>Anexo</i>	p. 23

Introducción

En el presente informe se presentan los resúmenes de las reuniones mantenidas entre cada uno de los coordinadores de curso y los representantes de alumnos de dicho curso y entre los coordinadores de curso y los coordinadores de las materias de cada curso de grado. Dichas reuniones se realizaron tras el periodo correspondiente al segundo semestre del curso. Las reuniones con los coordinadores, incluyeron igualmente a los coordinadores del primer semestre, por esta razón, en ocasiones se incluye alguna información sobre dicho semestre en el presente informe.

Los coordinadores de curso del presente curso son:

- 1º curso: Dr.D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr.D. Antonio Martínez Cortizas
- 3º curso: Dra.Dña. María Dolores Andrés González
- 4º curso: Dr.D. Francisco Salgado Castro

Primer Curso

REPRESENTANTES DE ALUMNOS

- Día: 29 de junio de 2015.
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro; Zaira García López (representante grupo A) y José Rodríguez Gago (representante del grupo B)
- Puntos del orden del día:
 1. Cumplimiento del programa (contenidos y actividades) de las diferentes asignaturas.
 2. Cumplimiento de los criterios de evaluación.
 3. Solapamientos/redundancias de contenidos entre distintas asignaturas (mismo curso, cursos sucesivos).
 4. Diferencias entre los 2 grupos de la misma asignatura.
 5. Dudas, recomendaciones, quejas, sugerencias de cualquier tipo.

Los alumnos no indicaron la existencia de ningún problema concreto con respecto a los 4 primeros puntos.
